



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 19/2011

(Modificada a 14/03/2011. Sinálanse en vermellos os cambios)

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS

Vigo, 26 de marzo do 2011

Art.1) A Delegación da F.G.A en Vigo organizará o **Campionato Galego Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos**, que terá lugar en Vigo o vindeiro sábado **día 26 de marzo** do 2011.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2010/11) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3) Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas absolutas, conseguidas durante a tempada 2009-2010 ou 2010-2011.

Art.4) As inscricións realizaranse na web www.atletismogalego.org a través do sistema online antes das 18:00 horas do mércores día 23 de marzo.

Art.5) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.6) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7) Serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que acaden as tres mellores marcas absolutas, tanto en homes como en mulleres.

Art.8) Pasarán á mellora os 8 mellores atletas.

Art.9) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo da descalificación.

Art.10) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias e non participase na ronda seguinte ou ben que confirme a súa inscrición e finalmente non participe.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.11) HORARIO DE CONFIRMACIONES:

Os atletas deberán confirmar persoalmente a súa participación 45 minutos antes da súa proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non estando permitido o acceso a mesma dende calquer outro punto distinto a esta

Art.12) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS:

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

Art.13) HORARIO (provisional).

10,45 - Disco Mulleres
12.15 - Martillo Mulleres
13.30 - Martillo Homes
16,00 - Disco Homes
17,15 - Xavelina Homes
18,30 - Xavelina Mulleres

Art.14) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Art.15) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

HORARIO LÍMITE PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto)

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 10 de marzo de 2011

PATROCINADORES
OFICIAIS



PROVEEDOR

